




**CENTRO DRAMÁTICO GALEGO  
EN COPRODUCCIÓN CON CULTURACTIVA PRODUCCIÓN**



# NADA SE SABE

Texto orixinal **Manuel Lourenzo** | Dirección **Ignacio García e Fran Rei**  
Elenco **Rubén Bargiela Sierpes, Corina Alfonso Mañá,**  
**Elvis García Torres e Alba Chao García**







Nin isto sequera sei, que nada sei; conxectúroo, porén,  
de min e dos demais. Sexa esta proposición a miña  
bandeira; esta débese seguir: Nada se sabe.

Así comeza a obra do século XVI *Quod nihil scitur* [Que Nada se Sabe] de Francisco Sánchez “O Escéptico”. Un antecedente da dúbida metódica, de cuestionar sistematicamente o mundo como medio de aproximarse á realidade sen prexuízos. Nunha sociedade como a nosa, de certezas impostas, dubidar é revolucionario.

Partindo de aí, dúas actrices e dous actores repasan a visión da discapacidade no teatro clásico, deténdose nunha adaptación de Manuel Lourenzo de *Filoctetes*, unha das traxedias de Sófocles, na que se presenta a idea da diferenza, da persoa discriminada que a sociedade non sabe [ou non quere] incluír. Desde o seu propio punto de vista, o elenco resignifica os textos desde esa diversidade, advertindo ao público e á sociedade de que *Nada se Sabe* sobre o que as persoas con discapacidade son, pensan, senten, queren, e da posición que desexan ocupar na vida, na sociedade e na arte.

Cunha posta en escena atrevida e contemporánea, a obra presenta unha escenografía que nos leva á illa de Lemnos. Á excelente dramaturxia únese unha delicada selección musical e unha iluminación sorprendente. *Nada se sabe* é unha das propostas teatrais máis arriscadas e atractivas dos últimos tempos coproducida polo Centro Dramático Galego e Culturactiva.

## **A ORIXE: FILOCTETES**

Conta a mitoloxía que Filoctetes, un dos heroes gregos que formaban parte da expedición a Troia, foi mordido por unha serpe. O fedor da ferida envelenaba o aire e os seus berros atormentaban aos seus compañeiros, que decidiron abandonalo na illa de Lemnos. Dez anos despois, sabedores de que, tal como dicía unha vella profecía, non se podía conquistar Troia sen a axuda do arco de Filoctetes, deciden ir buscalo á illa.

De aí parte este espectáculo. Filoctetes é o excluído, o apestado, o abandonado, o enfermo, o raro, tratado con crueldade; é a escusa para que o elenco se escriba e se invente por si mesmo, sen tutelas.





**TEASER**



## **EQUIPO ARTÍSTICO E TÉCNICO**

Texto orixinal

Manuel Lourenzo

Vestuario e atrezzo

La Canalla

Dirección

Ignacio García

Fran Rei

Iluminación

José Manuel Faro González (Coti)

Elenco

Corina Alfonso Mañá

Rubén Bargiela Sierpes

Alba Chao García

Elvis García Torres

Asesoramento lingüístico

Rosa Moledo

Producción

Fran Rei

Félix Rodríguez

Escenografía

CDG

José Manuel Faro González (Coti)

Imaxe

Diseñatas

[Fundación Igual Arte]

Espazo sonoro

Ignacio García

Deseño gráfico e fotografía

Rocío Cibes

Voces en off

Grupo de Teatro Muxicas ONCE

Ourense



## **ACCESIBILIDADE**

Nada se sabe contará con servizos de accesibilidade.

- Visita táctil: previa ao espectáculo, destinada a que as persoas invidentes fagan un percorrido polos elementos físico do espectáculo, isto é, escenografía, vestuario e elenco, e que ser realizará previa á función.
- Audiodescrición para persoas invidentes durante o espectáculo.
- Interpretación en Lingua de Signos durante o espectáculo.













## **ELENCO**

### **CORINA AFONSO MAÑÁ (2003)**

Estudou na Escola Superior de Arte Dramático de Galicia, e realizou adestramento actoral con Fernando Tato. Foi parte de grupos de teatro como Nonsi con Mónica Sueiro. Traballou no programa Coa luz no Corazón de Televisión de Galicia, e participou en proxectos audiovisuais da man de directores como Xavier Bermúdez. Tamén dirixiu unha micropeza dramática para o seu grupo de teatro Puntos de Vista. Ten estudos de piano e tamén toca o acordeón.





## ELENCO

### **RUBÉN BARGIELA SIERPES (1982)**

Actor e músico no grupo de percusión Iguatuke e no grupo de música tradicional De Tapas, deseñador gráfico e artista do grupo Diseñatas, ademais de locutor e creador de contido para o podcast 'El ruido de nuestras mentes'.



## ELENCO

### **ALBA GARCÍA CHAO (1997)**

Como actriz, participa desde 2019 no musical Peter, voamos!, baixo a dirección de Quico Bouza e con produción da Asociación ASPAS, interpretando tres personaxes diferentes. Conta con formación nos ámbitos do turismo e a cerámica.



## ELENCO

### ELVIS GARCÍA TORRES (1999)

O seu primeiro achegamento á interpretación foi con Silvia Losada no grupo de teatro afeccionado da Asociación Vieiro de Carballo, que o levou a formarse na Escola Pábulo de Artes Escénicas en Sar. Conta con experiencia no eido da integración na Compañía 5s, baixo a dirección de Carlota Pérez.





## **DIRECCIÓN ARTÍSTICA**

**IGNACIO GARCÍA**



Ignacio García, licenciado en dirección de escena por la Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid é gañador dos premios a mellor director e mellor director novo da Asociación de Directores de Escena de España e do I Certame de Creación Escénica do Teatro Real de Madrid. Director do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro entre 2017 e 2022, e adxunto á Dirección Artística do Teatro Español de Madrid de 2004 a 2009, na súa ampla traxectoria profesional destaca así mesmo a súa experiencia como programador do Festival Dramafest de México e como creador e director do centro de creación artística Voces de la Lengua na Rioxa.

Desde o inicio da súa carreira, traballa na difusión e coñecemento do teatro español do Século de Ouro a través de versións, escenificacións e seminarios sobre a materia, con innumerables montaxes dirixidas para compañías de todo o mundo. No ámbito lírico, ten dirixido a posta en escena de máis de 50 títulos do gran repertorio universal, cunha especial atención á zarzuela e unha importante proxección internacional dos seus traballos.

## **DIRECCIÓN ARTÍSTICA**

**FRAN REI**



Fran Rei é actor cómico, director e guionista. Membro de Pallasos en Rebeldía, director do festival Brión Inclúe e de espectáculos inclusivos con agrupacións como Adisbismur ou Con Eles, e membro da produtora-compañía Culturactiva S Coop Galega, coa que ten participado

en preto de 20 espectáculos desde o ano 2001. Igualmente, traballou noutras compañías de teatro galegas, como Bagunça Teatro, Producións Desaqueloutradas ou Acontrabutaca. Na súa formación escénica destacan numerosos cursos de teatro, clown e bufón con algúns dos mellores mestres do panorama internacional, como Good Idea Company, Carlo Colombaioni, Leo Bassi, Eric de Bont, Iván Prado ou Antón Valén. Como director teatral, é responsable dos espectáculos *Supergalácticos* [Código Morsa], *Volta á Maxia* [Dani García], *Máis Ritmo* [Trío Detrés] e *Concerto Singular e Molto Barrocco* [Píscore], ademais do espectáculo cómico-musical *Desconcerto*, que realizou con diversas bandas de música.

Igualmente, é monitor de dramatización, teatro e clown e dirixe varias escolas de formación teatral de carácter amador, entre as que destacan a Aula de Teatro Municipal de Teo ou os grupos de teatro da Asociación Escola Artística de Cuntis. Especialista en clown, desenvolve regularmente obradoiros de iniciación e perfeccionamento desta técnica.

Paralelamente ao seu traballo profesional, é membro fundador da organización galega de cooperación internacional a través das artes Pallasos en Rebeldía e, con esta entidade, participou en diversas caravanas de pallasos por comunidades indíxenas de Chiapas [México], así como en varias campañas de difusión e concienciación en centros de ensino galegos.





# **PRODUCCIÓN**

## **CENTRO DRAMÁTICO GALEGO**

O centro Dramático Galego promoveu e acompañou esta proposta integradora e inclusiva desde a súa mesma concepción.

Unidade de produción teatral adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Dende entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais, cun total de 68 producións e coproducións estreadas.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro -artístico- de produción da Axencia Galega das Industrias Culturais [da Axencia Galega das Industrias Culturais dende xuño de 2008]. A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega.

Nestes 40 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por tempada, apuntaron cara a varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras, apuntando agora tamén cara a inclusión.

# PRODUCCIÓN

## CULTURACTIVA SCOOPGALEGA

Culturactiva representa, tras unha dilatada traxectoria, un claro referente en Galicia no sector da xestión cultural. Consolidada xa como unha das grandes distribuidoras do país, o seu ámbito profesional abrangue os campos da venda teatral e musical, a organización de eventos, a xestión integral de programacións e a dinamización cultural, tanto no ámbito creativo como formativo. Ademais dende haii uns anos adícase á produción teatral, con pezas tan destacadas como *As Alumnas*, premio Nacional de Literatura Dramática en 2023.

Deste xeito, Culturactiva converteuse en Galicia desde os seus inicios nun motor para os sectores teatral e musical, tanto a través de grandes festivais e plataformas como foron o Festiclown, Galeuzca, Olladas do Planeta ou a Feira Ecolóxica Terractiva, como do seu fundamental traballo na formación, distribución e produción escénica. Co paso do tempo e avalada pola súa experiencia, Culturactiva ampliou o seu ámbito de actuación tanto a nivel xeográfico como a outras áreas da xestión cultural.

Culturactiva é a entidade na que confían a súa distribución en Galicia artistas internacionais do nivel de Leo Bassi, Okidok ou Yllana e artistas galegos de gran proxección como Píscore, Sarabela Teatro ou o Mago Teto entre moitos outros. Como distribuidora musical, Culturactiva traballa con formacións musicais do país de gran prestixio, como poden ser Guadi Galego, Mercedes Peón ou Xurxo Fernandes.





# CULTUR ACTIVA

**CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA**

info@culturactiva.org  
www.culturactiva.org  
+34 981 582 836